

Mércores, 17 de xullo de 2019

Núm. 136

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**MEAÑO**

**Outros documentos, notificacións e informacións públicas**

*NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE DO CONCELLO*

A Alcaldía, con data 26 de xuño de 2019, ditou a seguinte:

*“ RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

*ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE*

*EXPEDIENTE: 571/2019*

Dando cumprimento ós artigos 20.1.a) e 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia cos artigos 59.2 e 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 46 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á designación dos Tenentes de Alcalde.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e os artigos 41.3 e 46 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

*RESOLVE:*

*Primeiro.*—Nomear como Tenentes de Alcalde aos membros da Xunta de Goberno Local, pola seguinte orde:

Primeiro Tenente de Alcalde: Ramón Tilve Castro

Segundo Tenente de Alcalde: María Estévez Barbeito

Terceiro Tenente de Alcalde: Ramón Alfonso Piñeiro

*Segundo.*—Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento ó alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

*Terceiro.*—Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, notificándollo persoalmente aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles de non aceptación do cargo; coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente Resolución.



Mércores, 17 de xullo de 2019

Núm. 136

Mandao e asinao o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, en Meaño e na data indicada na marxe, do que D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Escudero Barral como secretaria-interventora da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

O que se fai público, en cumprimento do artigo 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

